

CONVOCATORIA DE BOLSAS CÁTEDRA COSME ÁLVAREZ DE LOS RÍOS PARA PRÁCTICAS EN NAVANTIA CURSO 2019/2020

A Universidade da Coruña, no marco do convenio “Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos” convoca 2 bolsas para os estudiantes dos Mestrados en Enxeñaría Naval e Oceánica e Enxeñaría Industrial da Universidade da Coruña a través do convenio da Universidade da Coruña con Navantia S.A. ref. 909/2014 para a realización de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña.

OBXECTIVOS DA AXUDA

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de 2 bolsas de prácticas en Navantia S.A. S.M.E. para completar a formación universitaria do estudiantado dos Mestrados en Enxeñaría Naval e Oceánica e Enxeñaría Industrial e achegalo á realidade do ámbito profesional onde exercerá a súa actividade.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Todas as persoas solicitantes dunha bolsa deberán cumplir os seguintes requisitos:

1. Estar matriculado e ao corrente do pagamento no curso 2019/2020 na Universidade da Coruña en estudos oficiais de:
 - Titulacións de Mestrado en Enxeñaría Naval e Oceánica e Enxeñaría Industrial.
2. Non percibir ningunha axuda económica incompatible. Son incompatibles con bolsas de colaboración do MEC e calquera outra para o mesmo fin. Tampouco poderá realizarse ningunha actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional. Para tales efectos, poderase solicitar á persoa interesada certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas. Son compatibles coas bolsas de carácter xeral do MEC, da Administración Autonómica e as axudas convocadas pola UDC (transporte, residencias...). A obtención simultánea dunha bolsa convocada por esta resolución con algúnhola bolsa incompatible será causa de reintegro.
3. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable ningunha con Navantia S.A. S.M.E. ou coa propia universidade ou centro adscrito desta.

FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarase en calquera das oficinas de Rexistro da Universidade da Coruña o por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dirixidas a Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

Deberase acompañar a seguinte documentación:

- Currículo da persoa solicitante, coa documentación que o acredita.
- Declaración xurada de non contar con ningunha axuda económica incompatible, nin realizar ningunha actividade retribuída. No caso de realizarse unha actividade retribuída, certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas, para os efectos de comprobar que non se obteñen ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional.

CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda será de 1100€ mensuais, ao que se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta da cota patronal, do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas, conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto.

Así mesmo, ao antedito importe descontárselle a cotización da Seguridade Social (tanto o aporte patronal como o aporte do traballador) correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011 de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito da persoa bolseira ao día último do mes que corresponda.

A dotación total das bolsas será de dezasete mil seiscentos € (17.600,00 €) con cargo á partida orzamentaria 0900470101.422D.6400016.

A duración destas será de 8 meses consecutivos comprendidos entre o día 1 de febreiro e o 31 de setembro de 2020. En ningún caso, poderá levarse a cabo a realización das prácticas de maneira fraccionada, agás no suposto de interrupción da actividade empresarial da entidade de acollida por período vacacional, en cuxo caso se reiniciaría unha vez finalizado este, ata completar os oito meses.

COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección encargada de valorar as solicitudes será unha comisión composta por:

D. Fernando Lago Rodríguez , Codirector da Cátedra

Dna. Ana Álvarez García, Codirectora da Cátedra

D. José Carlos Piñeiro Freire, Xefe de RRHH Ría de Ferrol

Criterios de avaliación:

1. Expediente académico do mestrado: 80% (máximo 8 puntos)
2. Outros méritos: 20% (máximo 2 puntos)
 - 2.1 Experiencia documentada relacionada co obxecto da bolsa: prácticas, traballo (máximo 0,5 puntos)
0,1 puntos por mes traballado
 - 2.2 Formación complementaria específica nas materias obxecto da bolsa á que se opta (máximo 1 punto)

Cursos inferiores a 10 horas: 0,1 puntos
Cursos entre 10-19 horas: 0,2 puntos
Cursos entre 20-49 horas: 0,3 puntos
Cursos de máis de 49 horas: 0,4 puntos

2.3 Idiomas (máximo 0,5 puntos)

- Nivel A2 ou equivalente: 0,1 puntos
- Nivel B1 ou equivalente: 0,2 puntos
- Nivel B2 ou equivalente: 0,3 puntos
- Nivel C1 ou equivalente: 0,4 puntos
- Nivel C2 ou equivalente: 0,5 puntos

Só se valorarán os méritos que se acreditan documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

A Comisión de Selección publicará unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña e abrirase un prazo cinco días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederáse á resolución da solicitude da bolsa e á súa publicación no mesmo lugar en que se publicou a convocatoria.

Contra a resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada perante o reitor no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

A persoa bolseira será responsable da veracidade dos datos achegados. O seu incumprimento dará lugar á cancelación da bolsa e ao reintegro das cantidades percibidas.

A persoa bolseira comprométese a informar ao titor/a académica designada polo seu centro de estudos e á persoa titora profesional designada pola empresa de calquera circunstancia que lle afecte nas súas funcións de titorización da práctica.

A persoa bolseira comprométese a comunicar coa antelación suficiente e, segundo os casos, o máis rapidamente posible ao titor/a académica calquera circunstancia que lle afecte nas súas funcións de coordinación e xestión da práctica.

A persoa bolseira comprométese a enviar ao/á titor/a académico/a una memoria final da práctica, para o que disporá dun mes de prazo tras a finalización da bolsa que será custodiada polo seu centro de estudos. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A aceptación da bolsa, na que a persoa interesada se compromete a cumplir todas as condicións recollidas nesta convocatoria, deberase efectuar no prazo de 7 días hábiles desde a publicación da resolución da convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña. A dita aceptación poderase facer dalgunha das seguintes formas:

- Presencial na Secretaria da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social mediante a presentación dos documentos asinados pola persoa interesada:
 - Impreso de aceptación
 - Impreso alta persoal
 - Impreso datos bancarios (orixinal)
 - Número de NUSS (Número de Usuario de Seguridade Social)
 - DNI

- Mediante o envío da documentación a través de calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa.

Os modelos de impresos se mostran no Anexo I.

Se no prazo de 7 días mencionado non se recibise a aceptación por parte do/a adxudicatario/a, entenderase que renuncia á bolsa.

As comunicacións coas persoas da listaxe de agarda, que por renuncia dos/as adxudicatarios/as tivesen dereito ao aproveitamento da bolsa, farase pola Universidade á conta de correo electrónico, con acuse de recibo, indicada na solicitude e disporán dun prazo de 3 días hábiles para aceptar a bolsa mediante algúna das formas descritas anteriormente. No caso de non obter contestación no prazo indicado entenderase que renuncia.

Todas as baixas que se producieren serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a Comisión de Selección.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña, aprobado en Consello de Goberno de data 23 de abril de 2013 e modificado por acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015 y 29/05/2018.

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de solicitudes será dende a publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Universidade da Coruña até as 00.00 h. do día 8 de novembro do 2019.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RXPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A solicitude dunha axuda para o alumnado con necesidades educativas especiais, implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus

dados persoais sexan utilizados pola Universidade de acordo coa LOPD, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do derecho de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consinte no tratamiento dos datos aos efectos de cumplir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terádereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Ferrol, 28 de outubro do 2019

Os directores da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos

Fernando Lago Rodríguez

Ana Álvarez García

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUD “PRÁCTICAS EN EMPRESA CATEDRA COSME ALVAREZ DOS RIOS”

D/Dona: DNI:

Titulación:

Curso: Nº de créditos superados:

Correo electrónico:

Teléfono:

Enderezo:

Código Postal: Localidade:

INDICA SE REALIZACHES PRÁCTICAS EN ANOS ANTERIORES E EN QUE INSTITUCIÓN OU EMPRESA:

- SI. Institución ou empresa:
- NON

DOCUMENTOS QUE SE ENTREGAN:

- Formulario da solicitude de prácticas cuberto
- Currículo da persoa solicitante, coa documentación que o acredita
- Declaración xurada

A Coruña, de de 201..

Sinatura

MODELO DE ACEPTACIÓN “PRÁCTICAS EN EMPRESA CATEDRA COSME ALVAREZ DOS RIOS”

D/Dona:.....DNI.....

Endereço:.....

Código Postal: Localidade:

ACEPTO a práctica incluída no programa “Prácticas en empresa Cátedra Cosme Álvarez dos rios” que me concedeu a Universidade da Coruña na empresa Navantia S.A. S.M.E.

A Coruña, de de 201..

Sinatura

MODELO DE RENUNCIA “PRÁCTICAS EN EMPRESA CATEDRA COSME ALVAREZ DOS RIOS”

D/Dona:.....DNI.....

Endereço:.....

Código Postal: Localidade:

RENUNCIO a práctica incluída no programa “Prácticas en empresa Cátedra Cosme Álvarez dos rios” que me concedeu a Universidade da Coruña na empresa Navantia S.A. S.M.E.

A Coruña, de de 201..

Sinatura



Apelidos:		Nome:		
Enderezo:		Teléfono:		
Poboación:	CP:	Provincia:		
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:		DNI/NIF:	
DATOS PROFESIONAIS				
Categoria:		Grupo/Escala e Nivel:		
Adicacióm:		Núm. de horas:		
Total <input type="checkbox"/>	Parcial <input type="checkbox"/>			
Compatibilidade:		Data de solicitude:	Data de concesión:	
Sector Público <input type="checkbox"/> Sector Privado <input type="checkbox"/>				
Núm. Rexistro Persoal:		Titulación:		
Unidade:				
Centro de destino:		Localidade:		
DATOS BANCARIOS				
IBAN:	Entidade:	Sucursal:	DC:	Núm. de cta.:
RÉXIME DE PROTECCIÓN E AFILIACIÓN				
Seguridade Social <input type="checkbox"/> MUFACE <input type="checkbox"/> ISFAS <input type="checkbox"/> OUTROS <input type="checkbox"/>				
Número de afiliación:	Estado Civil:	Número de fillos con derecho a dedución:	Axuda familiar:	
Retencións xudiciais, tributarias ou de Seguridade Social:		Contia:		
Xudicial <input type="checkbox"/> Facenda <input type="checkbox"/> Seguridade Social <input type="checkbox"/>				

A Coruña, de (sinatura) de 20

ANEXO II

<p>UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF: Q 6550005 J Paseo de la Maestranza, 9 15001 A Coruña</p>	<p>SOLICITUD DE PAGO POR TRANSFERENCIA Y MODIFICACIÓN DE DATOS PERSONALES Y/O BANCARIOS⁽¹⁾</p>												
I. DATOS DE LA PERSONA FÍSICA O JURÍDICA ACREDITADA													
NIF/NIE/CIF: ⁽²⁾		ALTA FISCAL PARA NUEVOS RESIDENTES (NIE) <input type="checkbox"/> Declaro estar dado/a de alta en el modelo fiscal 030 (NIE) ⁽³⁾											
Nombre y apellidos o denominación social:													
Domicilio fiscal:													
Municipio:		Provincia:											
Teléfono fijo:	Móvil:	Correo electrónico:											
II. DATOS DEL/LA REPRESENTANTE													
NIF: ⁽²⁾	Nombre y apellidos:												
III. DECLARACIÓN DE LA ACTIVIDAD EMPRESARIAL													
<input type="checkbox"/> Declaro que mi actividad empresarial está incluida en la lista del artículo 95.6 del Reglamento del IRPF (retención del 1%) que se reflejará en la facturación que emita para la Universidade da Coruña.													
IV. BAJA DE DATOS BANCARIOS													
Código IBAN:													
E	S												
V. ALTA DE DATOS BANCARIOS													
Código IBAN:													
E	S												
CONSTANCIA DE LA ENTIDAD FINANCIERA⁽⁴⁾													
Certifico la existencia de la cuenta que se indica en "V. Alta de datos bancarios" abierta a nombre de la persona titular que aparece en "I. Datos de la persona física o jurídica acreedora".													
En la apoderado/a (SELLO)													
(Firma)													

(1) Cualquier modificación posterior de estos datos deberá formalizarse mediante un nuevo impreso.

(2) Adjúntese una fotocopia del documento correspondiente.

(3) Adjúntese, si procede, una fotocopia del modelo fiscal 030.

(4) Esta constancia debe ser firmada por el banco o caja de ahorros, o adjuntar una certificación en documento aparte del propio banco o caja.

SERVICIO DE GESTIÓN FINANCIERA

DECLARACIÓN XURADA DO PROGRAMA “PRÁCTICAS EN EMPRESA CATEDRA COSME ALVAREZ DOS RIOS”

D/Dona:..... DNI.....

Enderezo:.....

Código Postal: Localidade:

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE :

Segundo o Programa “Prácticas en empresa Cátedra Cosme Álvarez dos Rios Convocatoria 2019-2020” non manteño relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable algunha con empresa, institución ou entidade, ou coa propia universidade ou centro adscrito á mesma.

Segundo o Programa “Prácticas en empresa Cátedra Cosme Álvarez dos Rios Convocatoria 2019-2020” non ser beneficiario dunha bolsa ou axuda de carácter público ou privado de natureza similar á do Programa no momento da convocatoria.

E para que conste para os efectos oportunos, asino a presente declaración en

..... a..... de..... de 201..

Sinatura